

INSTRUCCIÓNS SOBRE A XESTIÓN DAS MATRÍCULAS CONDICIONADAS DOS ESTUDANTES DE MÁSTER UNIVERSITARIO PARA O CURSO ACADÉMICO 2022/2023

Na Universidade da Coruña existen, na actualidade, diversos colectivos de alumnos matriculados nos Másteres Universitarios que están pendentes de acreditar determinados aspectos para que a súa matrícula quede formalmente completada. Entre estes colectivos, son obxecto desta instrución aqueles que aínda non acreditaron a titulación que lles deu acceso ao Máster Universitario no que están matriculados, alegando que a obterían, ben en calquera Universidade no curso académico 2021/2022, ben na UDC no curso académico 2022/2023.

Os alumnos matriculados nos Másteres Universitarios que foron admitidos presentando a declaración responsable esixida pola Normativa de Xestión Académica por mor de non estar en posesión do título, pero esperando a súa obtención no curso 2021/2022, someteranse ao seguinte réxime:

- 1) Deben acreditar a posesión da titulación de acceso necesaria antes do 16 de novembro de 2022.
- 2) Se non se acredita a titulación antes da dita data, o estudante deberá asinar unha declaración responsable, que quedará arquivada no seu expediente, no que se recollerá o seguinte texto: "Acepto que a expedición do meu título de Máster Universitario en (INDICAR O NOME DO MÁSTER) queda condicionada á previa presentación do meu título de acceso ou da certificación supletoria provisional correspondente".
O alumno poderá realizar esta declaración responsable remitindo un correo electrónico co mesmo texto anterior dende a súa conta de alumno da UDC.
- 3) Unha vez en poder da Administración/UXAI a declaración responsable, esta procederá a incluír unha dilixencia no expediente de Xescampus do estudante, para que figure en calquera certificación que se lle expida e que se eliminará unha vez que o estudante acredite a obtención do título de acceso, co seguinte texto:
 - Galego: "Faise constar que (NOME DO ESTUDANTE) non cumpre os requisitos necesarios para solicitar a expedición do título de (NOME DO MÁSTER EN GALEGO)".
 - Castelán: "Se hace constar que (NOME DO ESTUDANTE) no cumple los requisitos necesarios para solicitar la expedición del título de (NOME DO MÁSTER EN CASTELÁN)".
 - Inglés: "It is hereby stated that (NOME DO ESTUDANTE) does not meet the requirements to apply for the award of the degree of (NOME DO MASTER EN INGLÉS)".
- 4) Tras a defensa e cualificación do TFM destas persoas, e coa finalidade de evitar que poidan solicitar o título sen presentar a documentación requirida, a Administración/UXAI deberá realizar, sucesivamente, os seguintes trámites:
 - a) Recepcionar a cualificación obtida no TFM.

Código Seguro De Verificación	4HrqQ/4IQPwEF0bT8FUGbw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	02/11/2022 19:45:22
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/4HrqQ/4IQPwEF0bT8FUGbw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- b) Bloquear a Secretaría Virtual do estudante.
- 5) Se o estudante non asina a declaración que deberá archivarase no seu expediente, o decano/director do Centro remitirá ao reitor a proposta sobre a anulación da matrícula, sen dereito, no seu caso, á devolución de taxas e prezos públicos.

Os alumnos matriculados nos Másteres Universitarios que foron admitidos alegando que obterían o correspondente título de Grao na UDC no curso académico 2022/23 someteranse ao mesmo réxime recollido nos apartados anteriores, agás no referente ao prazo máximo para acreditar a obtención do título, que será antes do 9 de xaneiro de 2023.

Código Seguro De Verificación	4HrqQ/4IQPwEF0bT8FUGbw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	02/11/2022 19:45:22
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/4HrqQ/4IQPwEF0bT8FUGbw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

